

FICHA RESUME

PE 403A 2007/39-5

Ano	2008
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE O GROVE
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
Réxime⁽²⁾	AUTORIZACIÓN
Modalidade⁽³⁾	MARISQUEO A PÉ

Especies	Ameixa fina (<i>R. decussatus</i>), ameixa xaponesa (<i>R. philippinarum</i>), ameixa babosa (<i>V. pullastra</i>), ameixa bicuda (<i>V. aurea</i>), berberecho (<i>C. edule</i>), carneiro (<i>V. verrucosa</i>) e reloxo (<i>D. exoleta</i>).
Ambito do plan	Zonas de autorización
Subzonas de explotación	Moreiras, O Grove, Vilalonga, O Facho-Castrelo.

Participantes no plan de explotación

Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé		
447 permisos renovados, 2 solicitudes en trámite e 2 revalidacións denegadas (15.11.2007)		
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾	Si	Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
Pendente de concretar nº		

Calendario de explotación

Días máximos de extracción	180										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : de xaneiro a decembro. Ámbito do plan.											
Modalidade⁽³⁾ : a pé											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
15	15	15	15	15	15	15	15	15	15	15	15

Especies	A pé (kg/mariscadora-or/día)
Ameixa fina	3 kg
Ameixa babosa	2 kg
Ameixa bicuda	1 kg
Ameixa xaponesa	5 kg
Berberecho	6 kg
Carneiro	O establecido na apertura mensual
Reloxo	O establecido na apertura mensual

Artes a empregar	Sacho e rastrillo ou angazo.
Puntos de control	En Castrelo: O Facho e Insuiña; As Cachadas en Vilalonga: Ponte da Toxa, Moreiras e lonxa no Grove.
Puntos de venda	Lonxa do Grove.

Accións a realizar⁽⁷⁾	Épocas probables⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar	X	X	X	X	X	X				X	X	
Zonas:segundo as necesidades.												
Especies: ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa, ameixa bicuda												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D

Sementeiras	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: todos os bancos.												
Especies: ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa, ameixa bicuda												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: segundo as necesidades.												
Especies: ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa, ameixa bicuda												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: segundo as necesidades.												
Especies: ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa, ameixa bicuda												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: todos os bancos												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

En relación coa **proposta de ampliación do número de permisos**, sinalar que recentemente finalizou o proceso de acceso a novos permiso de explotación outorgándose 21 novos permisos, quedado 9 prazas desertas por presentarse un número inferior de solicitudes ao de prazas ofertadas. Os informes técnicos non consideran adecuado o incremento de 40 novas prazas por considerar que podería dar lugar a un incremento excesivo do esforzo pesqueiro segundo a zona de traballo que se vise afectada.

A vista do exposto, proponse que se cubran as 9 prazas que quedaron desertas máis aquelas que quedasen vacantes como resultado de xubilacións ou outras circunstancias, unha vez rematado o proceso de revalidación do permiso de explotación para o ano 2008.

Recomendase que calquera proposta de ampliación do numero de permisos de explotación de marisqueo a pé sexa aprobada polo sector no marco dunha asemblea xeral do colectivo de mariscadoras a pé.

Con respecto aos topes de captura, segundo o informe técnico se podería valorar o incremento dos topes de captura, sempre e cando se diferenciaren as zonas de traballo e se concretase o número de persoas que traballa en cada unha delas as diferentes especies.

Os topes de captura de carneiro e relo deberán ser establecidos en cada petición de autorización de apertura mensual. Cumpre lembrar á entidade que os topes son máximos e que non se poden modificar sen previa autorización da Consellería de Pesca. A baixada de topes e unha competencia da Delegación Territorial, polo que si estiman conveniente modificalo tope deben solicitalo á Delegada que dictará resolución ó respecto.

A forquilla non esta contemplada como arte de marisqueo a pé segundo o establecido no artigo 118 do Decreto 424/1993, polo que a súa autorización require da aprobación do correspondente plan experimental.

Non se poderá extraer e comercializar ameixa babosa de talla inferior a 38 mm, de acordo coa Orde de 15 de novembro de 1992, pola que se regulan os tamaños mínimos de extracción e comercialización de diversas especies de peixe, moluscos, crustáceos e equinodermos e co Regulamento(CE) 1298/2000, de 8 de xuño, polo que se modifica por quinta vez o Regulamento (CE) nº 850/1998 para a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas de protección dos xuvenís de organismos mariños nos que se establécese que o tamaño mínimo regulamentario da ameixa babosa e de 38 mm.

As labores de erradicación de ceba (*Zoostera sp*) na enseada deben estar informada

favorablemente pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, que na presente data non emitiu informe sobre o plan presentado.

Con respecto as operacións de cultivo prevista no plan (apartado 4.3) cumpre lembrar que cando se pretenda realizala inmersión de especies procedentes de un establecemento de cultivos mariños (criadoiro,batea), para continuar o seu engorde en batea ou praia, deberán solicitar a esta delegación territorial o correspondente documento de transporte (o titular do establecemento de orixe) e permiso de inmersión (o destinatario).

En relación coa posibilidade contemplada no plan de que os mariscadores sancionados con suspensión cautelar ou definitiva dos dereitos como socios da confraría ou como integrante de calquera dos colectivos de marisqueo, quedarán apartados por un periodo igual do plan de traballo, ou ben de xeito definitivo, en tendo en conta o seguinte:

1. Calquera privación do dereito de exercela actividade marisqueira por parte dunha confraría a través dun procedemento sancionador, que supoña a exclusión parcial ou total dun plan de explotación no que o mariscador estaba incluído, non está contemplada na normativa que regula a explotación de moluscos nin o permiso de explotación.
2. A persoa afectada, ante unha sanción do tipo contemplado no plan, poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Proponse, no caso de que a sanción imposta pola entidade, fora recurrida ante a xurisdicción ordinaria co cal carecería de firmeza, que as persoas sancionadas pola entidade sexan incluídas no plan de explotación ata que recaía resolución xudicial definitiva. O obxecto desta medida sería respetar os dereitos da persoa ao traballo e á asociación, que poderían verse afectados no caso de que a sanción fose finalmente anulada en vía xudicial.

De acordo cos informe técnicos, recoméndanse como melloras do plan:

- Realizar mostraxes na zona de Correlo.
- Detallar a organización do punto de control e dos traballos de semicultivo.
- Aprobar as normas do plan (apartado 5.7) e proposta de ampliación de permisos de explotación en assemblea do colectivo de mariscadoras a pé.

Para a explotación do reló deberá seguirse o “Protocolo para a apertura do reloxo nos bancos marisqueiros”.